



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E OITO DE XUÑO DE 2023, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente :	D. CARLOS MARTÍNEZ CARILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CERNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. XESÚS CASTRO BLANCO
	D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE
	D ^a . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES

Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO
------------	----------------------------------

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e vinte minutos do día vinte e oito de xuño de dous mil vinte e tres, para dar cumprimento ao establecido no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, baixo a presidencia do Sr. Alcalde - Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión EXTRAORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

Primeiro.- Aprobación acta anterior (17/06/2023)

Dáse conta da acta da sesión plenaria celebrada o día 17/06/2023 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Segundo.- Dar conta da composición dos grupos políticos municipais e dos/as seus voceiros/as.

Visto que de acordo co disposto no artigo 24.1. do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, pola que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, os partidos políticos PP, BNG e PSdeG-PSOE presentaron escrito de constitución do seu Grupo Político.

De conformidade co disposto no artigo 25 do citado R.D, dáse conta ao Pleno da constitución dos seguintes Grupos Políticos Municipais:

DENOMINACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL: PARTIDO POPULAR (PP)

COMPOSICIÓN:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



APELIDOS E NOME
MARTÍNEZ CARRILO, CARLOS
COSTA CARNEIRO, MANUEL
GONZÁLEZ COUTO, JOSÉ MANUEL
GARCÍA LEMA, MARÍA SUSANA
VARELA BARREIRO, DIANA
VÁZQUEZ MARTÍNEZ, ENRIQUE
CERNADAS MÉNDEZ, JUAN MANUEL
CALDELAS GONZÁLEZ, JOSÉ

DESIGNACIÓN DE VOCEIRO/A DO GRUPO:

Titular: .D/D^a . MANUEL COSTA CARNEIRO

Suplente: D/D^a: MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA

DENOMINACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL: BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

COMPOSICIÓN:

APELIDOS E NOME
POSE RODRÍGUEZ , XOSÉ ANTÓN
VIEIRO CEBEIRO, YOLANDA
CASTRO BLANCO, XESÚS

DESIGNACIÓN DE VOCEIRO/A DO GRUPO:

Titular: .D/D^a . XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ

Suplente: D/D^a: YOLANDA VIEIRO CEBEIRO



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



DENOMINACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL: PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA –PSOE (PSdeG-PSOE)

COMPOSICIÓN:

APELIDOS E NOME
GONZÁLEZ CORBELLE, JESÚS
GONZÁLEZ PICANES, MARÍA BEGOÑA

DESIGNACIÓN DE VOCEIRO/A DO GRUPO:

Titular: .D/D^a . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEA PICANES

Suplente: D/D^a: JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE

O Pleno dáse por informado.

Terceiro.- Establecer a periodicidade das sesións plenarias.

A Alcaldía propón establecer que as sesións ordinarias do pleno terán lugar todos os meses do ano, agás no mes de agosto, os penúltimos mércores de cada mes, ás 20:30 (inverno) ou 21:00 horas (verán).

Por razóns de organización debidamente motivadas poderá adiantarse ou atrasarse a data de celebración unha semana.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

Cuarto.- Dar conta do nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local.

Dáse conta da citada proposta ao pleno, en virtude do disposto nos artigos 20.1.b) e 23.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 35.2, 41 e 52 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros:

D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D^a. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
D^a. DIANA VARELA BARREIRO

SEGUNDO.- Corresponderalle á Xunta de Goberno Local, así integrada, e baixo a Presidencia desta Alcaldía, a asistencia permanente á mesma no exercicio das súas atribucións, así como as que lle delegue calquera órgano municipal ou expresamente lle atribúen as leis.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ás persoas designadas, que se considerará aceptada tacitamente, agás manifestación expresa e publicar os citados nomeamentos no BOP e no



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



taboleiro de anuncios. Así mesmo estará á disposición dos interesados na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

CUARTO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

QUINTO.- Os nomeamentos efectuados serán efectivos dende o día seguinte á data da presente resolución.

O Pleno dáse por enterado.

Quinto.- Dar conta do nomeamento dos Tenentes de Alcalde.

Nomeada a Xunta de Goberno Local por decreto desta mesma data, correspóndelle ao Sr. Alcalde designar aos Tenentes de Alcalde de entre os membros da citada Xunta de Goberno.

Dáse conta ao pleno do seguinte:

De conformidade co disposto nos artigos 21.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do réxime local, no artigo 62 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 41.3, e 46 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear como Tenentes de Alcalde aos/ás seguintes concelleiros/as:

1º. Tenente de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO

2º. Tenente de Alcalde: D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

3ª. Tenente de Alcalde : Dª. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA

4º.-Tenente de Alcalde: Dª. DIANA VARELA BARREIRO

SEGUNDO.-Correspóndelle aos nomeados na orde designada , previa aceptación do seu cargo, substituírme nas miñas funcións, nos casos de ausencia, enfermidade, impedimento ou vacante.

TERCEIRO.- Notificarlle a presente resolución ás persoas designadas , que se considerará aceptada tacitamente , agás manifestación expresa, e publicar os nomeamentos no BOP e no taboleiro de anuncios. Así mesmo estará á disposición dos/as interesados/as na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

CUARTO.- Dar conta da presente resolución no Pleno na primeira sesión que se celebre.

QUINTO.- Os nomeamentos efectuados serán efectivos dende o día seguinte á data da presente resolución.

O Pleno dáse por enterado.

Sexto.- Dar conta das delegacións específicas a favor de concelleiros/as.

Logo de constituída a nova corporación municipal en sesión plenaria celebrada o pasado dezasete de xuño, como consecuencia das pasadas Eleccións Municipais celebradas o 28 de maio, en uso das facultades que confiren os artigos 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade cos artigos 43 e 44 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

RESOLVO:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



PRIMEIRO.- Efectuar as seguintes delegacións respecto dos servizos municipais que se indican a favor dos Sres. Concelleiros/Concelleiras:

Educación e Turismo: D. Manuel Costa Carneiro.

Infraestruturas, Obras e Servizos; Seguridade Cidadá : D. Enrique Vázquez Martínez.

Servizos de Saneamento e Abastecemento. Desenvolvemento Rural: D. José Manuel González Couto.

Benestar Social, Muller e Igualdade: D^a. María Susana García Lema.

Cultura, Xuventude e Voluntariado: D^a. Diana Varela Barreiro.

Deportes e Novas Tecnoloxías: D. Juan Manuel Cernadas Méndez.

Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Promoción Económica; Emprego e Formación; Comunicación Social: D. José Caldelas González.

SEGUNDO.- As delegacións efectuadas abarcarán a xestión ordinaria dos correspondentes servizos, con exclusión da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO.- Notificarlle aos designados a presente resolución aos efectos da súa aceptación, que se considerará aceptada tacitamente, agás manifestación expresa, e publicala no BOP e no taboleiro de anuncios. Así mesmo estará á disposición dos/as interesados/as na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da presente Resolución.

QUINTO.- As citadas delegacións serán efectivas dende o día seguinte á data da presente resolución”

O Pleno dáse por enterado.

Sétimo.- Réxime de dedicacións.

En virtude do disposto no artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Presidencia propón ao pleno:

PRIMEIRO.- Determinar que os seguintes membros da corporación realicen as súas funcións en réxime de dedicación :

Dedicación total:

D. Carlos Martínez Carrillo (Alcalde -Presidente)

D. Enrique Vázquez Martínez (2º Tenente de Alcalde e concelleiro delegado de infraestruturas, obras e servizos)

Dedicación parcial (75%)

D. José Manuel González Couto (concelleiro delegado de saneamento e abastecemento)

SEGUNDO.- Establecer ao seu favor as retribucións que constan no orzamento municipal para o exercicio 2023

Alcalde –Presidente: 36.517,80 euros

Concelleiro con dedicación completa: 28.517,02 euros



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Concelleiro con dedicación parcial: 21.387,77 euros

TERCEIRO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincial (BOP) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

CUARTO.- Notificarlle o presente acordo aos interesados.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que o seu grupo vaise opor como fixo hai catro anos. O traballo que realizan o Sr. Vázquez Martínez e o Sr. González Couto facíao antes unha soa concelleira.

Por outro lado, unha persoa que realiza un traballo que está recollido dentro da relación de postos de traballo sen ter realizado ningún proceso de oposición nin selectivo é un fraude de lei.

Dona María Begoña González, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo vaise opoñer porque considera que para un concello de 5.000 habitantes son suficientes dúas dedicacións exclusivas.

A Presidencia di que non está de acordo coa opinión dos grupos da oposición. En primeiro lugar cre que son necesarias, senón non as traerían a pleno; e en segundo lugar están falando dunhas contías económicas que están moi por a baixo dos límites máximos establecidos para os concellos de 5.000 habitantes, e mesmo dos de por debaixo de 5.000 habitantes e só hai que ver as contías de alcaldes e concelleiros da contorna.

Por outro lado, rexeita de cheo a opinión do BNG a que a dedicación parcial do concelleiro de saneamento e abastecemento sexa un fraude de lei.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco en contra do BNG e PSdeG-PSOE.

Oitavo.- Creación e composición das comisións informativas.

Por parte da Alcaldía propúxose a creación das mesmas Comisións Informativas da lexislatura anterior:

1.- Crear as seguintes Comisións Informativas Permanentes do Concello de Vedra:

Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas.

Comisión Informativa de Urbanismo e Plans.

Comisión Informativa de Asuntos Xerais

2º.- Composición e funcionamento:

Un membro de cada grupo político, sendo o Presidente de todas elas o Sr. Alcalde -Presidente, don Carlos Martínez Carrillo.

Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas: D^a. Diana Varela Barreiro (PP); D^a. Yolanda Vieiro Cebeiro (BNG) e D. Jesús González Corbelle (PSdeG-PSOE)

Comisión Informativa de Urbanismo e Plans: D. José Caldelas González (PP); D. Xosé Antón Pose Rodríguez (BNG) e D. Jesús González Corbelle (PSdeG-PSOE)

Comisión Informativa de Asuntos Xerais: D. Juan Manuel Cernadas Méndez (PP); D. Xesús Castro Blanco (BNG) e D^a. María Begoña González Picanes (PSdeG-PSOE)

Polo que respecta ao seu funcionamento poderán actuar como suplentes calquera dos demais membros do mesmo grupo, e o sistema de votación será maioritario, pero cada voceiro de grupo representará tantos votos como número de concelleiros do seu grupo.



Posta a votación apróbase por unanimidade dos asistentes.

Noveno: Designación membros da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vedra

A Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/223/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establece que a Mesa de Contratación das Entidades Locais estará presidida por un membro da Corporación ou funcionario/a da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario, o Interventor, e outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario ou laboral ou membros electos da mesma, sen que o número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que formen parte da Mesa de Contratación non poderán supor máis dun terzo total dos membros da Mesa.

Consultados os grupos da oposición, proponse ao pleno:

PRIMEIRO.- Designar como membros da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vedra:

PRESIDENTE

Titular: D. MANUEL COSTA CARNEIRO (PP)

Suplente: D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ (PP)

VOGAIS:

VOGAL 1º.- CARLOS J. MÉNDEZ –LOSADA ABALO (Secretario –Interventor)

VOGAL 2º.- XESUS CASTRO BLANCO (Concelleiro do BNG)

Suplente: D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE (Concelleiro do PSdeG-PSOE)

VOGAL 3º: Dª. NEREA GARRIDO MONTENEGRO (Técnica de xestión económica do concello)

Suplentes: Dª. MARÍA CRUZ VILAS GIADANES (Técnica de emprego do concello)

Dª. Mª. TERESA AMENAL JUNQUERA (Xefa de Negociado de Urbanismo do concello)

VOGAL 4º: 1 TÉCNICO/A DESIGNADO POLA ALCALDÍA

SECRETARIA TITULAR: Dª. Mª. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS (Xefa de Negociado de Secretaría)

SECRETARIO/A SUPLENTE: 1 funcionario/a municipal.

SEGUNDO.- Fixar como día da semana para a celebración das sesións os luns as 13:00 horas. Se por causas debidamente xustificadas non puidera reunirse o luns, a sesión convocarase para o xoves desa semana as 13:00 horas.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta minutos.